



Colexio Plurilingüe San José Ourense

INICIO CURSO 2020 - 2021

Prezadas familias:

Como ben sabedes, este curso 20-21 deu comezo rodeado de incertidume pero tamén de ilusión. É unha ledicia poder reencontrarnos novamente de forma presencial coas nenas e os nenos nas aulas.

Estamos nun escenario onde as informacións iniciais poden sufrir cambios e somos conscientes de que tedes múltiples dúbidas. O risco 0 non existe pero daremos a mellor resposta posible ao protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 publicado pola Consellería o pasado 31 de agosto e ás Instrucións do 30 de xullo.

Este contexto é ben diferente ao que todos desexariamos mais confiamos na corresponsabilidade de toda a comunidade educativa en canto ao cumprimento das medidas sanitarias. O curso dará comezo de forma presencial no que será preciso cumprir estritamente unha serie de medidas sanitarias. As familias non poderán entrar ao interior do colexio e a comunicación realizarase a través da páxina web, Abalar, teléfono, videoconferencia e, excepcionalmente poderanse programar reunións presenciais.

No denominado “Portal Familias” da Consellería vai aparecer en breve unha guía cun resumo do protocolo acordado entre os responsables de educación e sanidade, nun formato didáctico coas medidas de seguridade adoptadas nos centros, e as obrigas que en materia COVID corresponden aos pais, nais e titores legais.

Tamén será accesible a través do Portal Educativo un **MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE** que debe ser asinado polos proxenitores, co compromiso de efectuar os controis sobre sintomatoloxía COVID (especialmente, a temperatura) nos domicilios. Este modelo, en todo caso, será facilitado polo centro e non será preciso que o descarguedes. Enviaremos, igualmente, nas próximas datas unha nova comunicación ampliando información sobre as medidas de protección do alumnado que se deben adoptar.

Achegámosvos algunhas informacións de interese para o **INICIO DO CURSO** e emprazámosvos a que esteades atentos á páxina web para futuras comunicacións. Insistimos en que esta información é oficial a data de hoxe pero pode ser susceptible de modificacións en función das instrucións das autoridades competentes.



EDUCACIÓN INFANTIL

As entradas e saídas da etapa de Infantil realizaranse pola porta da rúa do Baño.

NIVEL	DÍA	ENTRADA	SAÍDA
4º INF	10	Grupo 1 - 10:00 h	11:15 h
		Grupo 2 - 11:45 h	13:00 h
5º INF	10	12:00 h	13:45 h
6º INF	11	11:00 h	13:50 h

- ✓ **4º DE INFANTIL:** as familias serán informadas persoalmente dos cambios ou modificacións de horario durante o período de adaptación, que durará todo o mes de setembro. A partir do mes de outubro, e ata novo aviso, o horario lectivo será o seguinte: de 09:15 a 13:30 h.
- ✓ **5º e 6º DE INFANTIL:** o horario lectivo do curso a partir do 14 de setembro, e ata novo aviso, será o seguinte:
 - 5º Infantil: de 09:10 a 13:45 h.
 - 6º Infantil: de 09:05 a 13:50 h.

EDUCACIÓN PRIMARIA

O horario dende o primeiro día e para todo o curso, ata novo aviso, será o seguinte:

NIVEL	DÍA	ENTRADA	SAÍDA
1º EP	10	09:00 (PATIO PALMEIRAS)	13:40 (HALL)
2º EP	10	09:00 (RÚA DO BAÑO)	13:55 (RÚA DO BAÑO)
3º EP	10	08:55 (PATIO PALMEIRAS)	13:45 (HALL)
4º EP	11	08:50 (PATIO PALMEIRAS)	13:50 (HALL)
5º EP	11	08:45 (PATIO PALMEIRAS)	13:55 (HALL)
6º EP	11	08:40 (PATIO PALMEIRAS)	14:00 (HALL)



Colexio Plurilingüe San José Ourense

EDUCACIÓN SECUNDARIA

Secundaria entrará e sairá sempre pola porta principal que dá acceso ao Patio das Palmeiras.

NIVEL	DÍA	ENTRADA	SAÍDA
1º ESO	16	08:35 LUNS TARDE: 16:00	14:05 LUNS TARDE: 17:40
2º ESO	16	08:30 LUNS TARDE: 16:05	14:10 LUNS TARDE: 17:45
3º ESO	17	08:25 LUNS TARDE: 16:10	14:05 LUNS TARDE: 17:50
4º ESO	18	08:20 LUNS TARDE: 16:15	14:10 LUNS TARDE: 17:55

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O servizo de madrugadores, actividades complementarias e extraescolares da tarde, así como as actividades deportivas quedan suspendidas ata novo aviso.

Manterase o **SERVIZO DE COMEDOR** por quendas.

Ampliaremos información en vindeiras circulares agardando a comprensión de todos vós en momentos especialmente complicados que pode ser unha oportunidade para fornecer a nosa relación escola-familia en beneficio do que máis nos importa que son os nosos nenos e nenas.

En Ourense, a 3 de setembro de 2020

José Luis Guede Losada
Director